

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****a) CESAMENTOS:****PRESIDENCIA**

*Decreto 567/2005, do 16 de decembro, polo que se dispón o cesamento dun membro do Consello Económico e Social de Galicia.*

En virtude do establecido nos artigos 9, parágrafo 1º, inciso segundo, e 10 f) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia (publicado no DOG nº 133, do 12 de xullo), e nos artigos 8 e 9 e) do Regulamento de réxime interno deste (publicado no DOG nº 114, do 11 de xuño de 1996), e de acordo coa proposta efectuada pola organización correspondente,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Que cese como membro suplente do Consello Económico e Social de Galicia, en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, Otilia Novegil Villanueva.

Santiago de Compostela, dezaseis de decembro de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

**b) NOMEAMENTOS:****PRESIDENCIA**

*Decreto 568/2005, do 16 de decembro, polo que se dispón o nomeamento dun membro do Consello Económico e Social de Galicia.*

En virtude do establecido nos artigos 8, parágrafo terceiro, e 9.1º da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia (publicado no DOG nº 133, do 12 de xullo), e nos artigos 8 e 10 do Regulamento de réxime interno deste (publicado no DOG nº 114, do 11 de xuño de 1996), e de acordo coa proposta efectuada pola organización correspondente,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Noméase membro suplente do Consello Económico e Social de Galicia, en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, a Olga Pereira Penedo.

Santiago de Compostela, dezaseis de decembro de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

*Orde do 16 de decembro de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de trece bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e se anuncia a súa convocatoria.*

O artigo 5, en harmonía co artigo 27 do Estatuto de autonomía para Galicia, establece como competencia da Comunidade Autónoma galega a promoción e ensino da lingua galega e o fomento da cultura e a investigación.

Dentro do plan de actividades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o 2006 figura a convocatoria pública de bolsas de investigación para realizar proxectos concretos sobre lingüística, literatura, antropoloxía e historia galegas, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

O seu outorgamento enmárcase dentro das funcións atribuídas no artigo 3 do Decreto 25/1993, do 11 de febreiro (DOG nº 34, do 19 de febreiro), de creación e posta en funcionamento do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, modificado polo Decreto 330/1997, do 13 de novembro (DOG nº 227, do 24 de novembro).

Na súa virtude, apróbanse as seguintes:

**BASES:**

Primeira.-Obxecto.

O concurso ten por obxecto a adxudicación de trece bolsas de colaboración nos proxectos concretos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e que se inclúen como anexos á presente orde, nos que se detallan os requisitos específicos que deben reunir os solicitantes.

De acordo coa disposición transitoria primeira do Decreto 231/2005, do 11 de agosto, e mentres non se aprobe a estrutura orgánica dos centros directivos dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades na convocatoria e tramitación destas bolsas quedará adscrito á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Segunda.-Contía das bolsas.

O importe das bolsas incluirá:

-Unha asignación mensual de 900 euros, coa retención fiscal que corresponda, que será incompatible con calquera outra axuda ou actividade remunerada.

-Seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

Para o gasto que se proxecta existe crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 04.60.353E.480.2, por unha contía máxima total de 136.500 euros (128.700 euros, correspondentes ao pago das mensualidades a partir de febreiro ata decembro e de 7.800 euros para o pago da asistencia sanitaria) correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

O pagamento da bolsa realizarase mensualmente, logo do informe do director de investigación, sempre que os traballos se desenvolvan con normalidade e de acordo coas bases establecidas.

Terceira.-Duración.

A data de incorporación ao centro será dentro dos cinco días seguintes ao da notificación da adxudicación. As/os bolseiras/os que non se incorporen no prazo establecido perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, salvo causa xustificada de atraso apreciada polo coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro.

A concesión da bolsa será ata o día 31 de decembro do 2006 e poderase prorrogar anualmente ata un máximo total, incluídas as prórrogas, de tres anos, á vista do traballo realizado polo bolseiro/a, sempre que o proxecto ao que estea vinculado requira do seu labor e así o permitan as disponibilidades orzamentarias. No suposto de prórroga, a dotación económica poderá incrementarse de acordo co índice de prezos ao consumo que se estableza para cada ano.

Cuarta.-Requisitos xerais.

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea.

b) Estar en posesión do título de licenciado/a.

c) Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento.

d) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración ou institución como consecuencia de expediente disciplinario.

e) Non poderán participar nesta convocatoria persoas que, reunindo estes requisitos, resultasen beneficiarios dunha bolsa ou contrato en concursos anteriores do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Quinta.-Solicitudes.

As solicitudes, no modelo que se xunta como anexo, irán dirixidas ao coordinador-científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e entregaranse na sede deste (estrada Santiago de Compostela-Noia, km 3-A Barcia, 15896 Santiago de Compostela), ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Entregarase unha solicitude por cada proxecto ao que a persoa queira presentarse. Só será necesaria unha única documentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no DOG, acompañadas da documentación seguinte:

-Certificación académica persoal completa.

-*Curriculum vitae*, acompañado de cantos documentos poidan avalalo.

-Acreditación de coñecemento da lingua galega nivel perfeccionamento.

-Fotocopia do DNI ou pasaporte.

-Declaración xurada comprometéndose a renunciar, se fose seleccionado, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas, e tamén de que o solicitante non foi separado do servizo de ningunha Administración nin institución pública como consecuencia de expediente disciplinario.

-Declaración xurada de non percibir outras axudas ao inicio e ao remate da bolsa.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para un mesmo proxecto, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

Todos os documentos deberán ser orixinais ou copias cotexadas con eles.

Vistas todas as solicitudes daráselle un prazo de 10 días para corrixir a falta de documentación. transcorridos estes días sen a devandita corrección, archivaranse os devanditos expedientes.

Sexta.-Comisión de valoración.

A selección dos candidatos/as será realizada por unha comisión presidida polo coordinador-científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e composta por tres vogais propostos por aquel e nomeados pola secretaria xeral de Política Lingüística. Actuará como secretario o secretario do centro. Esta comisión poderá solicitar informes previos sobre as solicitudes presentadas aos directores dos proxectos de investigación implicados.

O presidente da comisión remitiralle a lista dos candidatos e candidatas seleccionados e suplentes, se é o caso, á secretaria xeral de Política Lingüística, quen elevará a proposta de resolución ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,

que será o encargado de resolver. A resolución publicárase no DOG. Esta resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso de reposición nun prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo o disposto na Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses desde a data da súa publicación no DOG.

Sétima.-Baremo para a selección dos/as bolseiros/as.

-Titulación do solicitante e expediente académico: ata un máximo de catro puntos.

-*Curriculum vitae* do solicitante e experiencia investigadora en proxectos de investigación similares: ata un máximo de catro puntos.

-Ademais do exame da documentación presentada, a comisión poderá convocar os solicitantes a unha entrevista persoal para valorar os seus coñecementos sobre o tema de investigación: ata un máximo de dous puntos.

A comisión non valorará aqueles méritos alegados polos solicitantes nas súas instancias que non estean acreditados documentalmente. Para a selección dos candidatos, a comisión terá en conta aqueles informes solicitados aos directores dos proxectos de investigación implicados.

En caso de empate terase en conta o expediente académico, en segundo lugar o *curriculum vitae* e, complementariamente, a entrevista persoal co candidato/a.

Oitava.-Condicións.

Estas bolsas son incompatibles coa realización dun traballo remunerado ou o beneficio doutro tipo de bolsas ou axudas.

A secretaria xeral de Política Lingüística poderá conceder, por unha vez, a interrupción da bolsa por petición razoada do interesado/a, logo do informe do seu director de proxecto. A interrupción non poderá ser nunca superior a 3 meses ao longo da duración da bolsa e as posibles renovacións e non dará lugar, en ningún caso, á posibilidade de recuperar o período interrompido. O interesado nesta interrupción temporal da bolsa non terá dereito a percibir as mensualidades correspondentes ao período que dure a súa renuncia.

Se algún dos beneficiarios/as destas bolsas decide renunciar a ela, fose seleccionado para outra bolsa, axuda ou proxecto, ou se producise algunha circunstancia determinante de incompatibilidade con esta bolsa, deberá comunicarllo ao Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que procederá á suspensión da bolsa correspondente. Caso de que esta suspensión se producise no prazo dun ano a partir da data de publicación da resolución de nomeamento das bolsas convocadas nesta orde, a bolsa vacante poderá ser adjudicada ao candidato seguinte da lista de suplentes sempre que as necesidades do proxecto sigan sendo as mesmas. En tal caso, o período máximo de que poderá beneficiarse o segundo candidato/a non poderá exceder o prazo de tres anos contados a partir da data do primeiro nomeamento.

Novena.-Aceptación das bolsas.

Unha vez recibidas as notificacións de concesión das bolsas polos beneficiarios, estes, no prazo de cinco días naturais, comunicaranlle por escrito ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades a aceptación ou renuncia a elas. Se transcorridos eses cinco días non se fixese manifestación en ningún sentido, entenderase como renuncia á bolsa.

Décima.-Obrigas.

As/os bolseiras/os permanecerán no Centro Ramón Piñeiro, en horario habitual de presenza de mañá ou tarde. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa, e en todo caso a obtención concorrente de bolsas ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O incumprimento por parte da bolseira/o dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases suporá a perda da bolsa concedida e, de ser o caso, o reintegro das cantidades xa cobradas e poderáselle atribuír ao aspirante que ocupe o primeiro lugar na lista de suplentes, ou o seguinte ou seguintes cando os chamados non puidesen prestar a súa colaboración por calquera motivo, tendo en conta as necesidades do proxecto.

A condición de bolseira/o non dará lugar a relación contractual ningunha nin laboral nin administrativa coa Xunta de Galicia.

En todo caso, tendo en conta o artigo 78.8º letra j) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o bolseiro ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Unha vez finalizada a bolsa presentarase un informe da actividade realizada, co visto e prace do director do proxecto.

Undécima.-Esta resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo o disposto na Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a secretaria xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-A presente orde sométese ao réxime de axudas públicas establecido no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, de acordo coa modificación operada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de adaptación aos aspectos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención. Aplicarase o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, no que non se opoña.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

#### *ANEXO I*

Unha bolsa para colaborar no proxecto de terminoloxía científico-técnica.

O/a adxudicatario/a desta bolsa compaxinará actividades de tradución con traballos de tipo terminolóxico que se están realizando no Centro Ramón Piñeiro.

Requisitos específicos dos/as solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

-Ser licenciado/a en filoloxía ou tradución e interpretación.

-Coñecementos doutras linguas, ademais da galega.

-Manexo de procesadores de texto e bases de datos no nivel de usuario.

-Nivel aceptable de mecanografía

-Experiencia en traballos de lexicografía e terminoloxía.

#### *ANEXO II*

Tres bolsas para colaborar no proxecto de dicionarios de literatura.

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar no proxecto de dicionarios de literatura que se realiza no Centro Ramón Piñeiro.

1. Requisitos específicos dos/as solicitantes para as dúas bolsas de dicionarios de literatura galega:

Para solicitar as bolsas as que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

-Ser licenciado/a en filoloxía galega ou galego-portuguesa.

-Coñecemento instrumental de idiomas.

-Coñecementos de informática en calidade de usuario.

2. Requisitos específicos dos/as solicitantes para a bolsa de dicionario de termos literarios.

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

-Ser licenciado/a en filoloxía.

-Imprescindible sólida formación en teoría e crítica literarias.

-Coñecemento instrumental de idiomas.

-Coñecemento de informática no nivel de usuario.

#### *ANEXO III*

Unha bolsa para colaborar no proxecto de recuperación de textos poéticos e xornalísticos galegos.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar no proxecto de recuperación de textos poéticos e xornalísticos galegos que se leva a cabo no Centro Ramón Piñeiro.

Requisitos específicos dos/as solicitantes:

Para solicitar a bolsa á que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

-Ser licenciado/a en filoloxía galega.

-Coñecementos de informática en calidade de usuario.

#### *ANEXO IV*

Unha bolsa para colaborar no proxecto cadernos de fraseoloxía galega.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar no proxecto de cadernos de fraseoloxía galega que se realiza no Centro Ramón Piñeiro.

Requisitos específicos dos/as solicitantes:

Para solicitar a bolsa á que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a en tradución e interpretación.
- Contacto inmediato e habitual co mundo rural ou mariñeiro e dominio e uso da súa fraseoloxía.
- Bo nivel en mecanografía.
- Manexo dun procesador de textos e dunha base de datos.
- Coñecementos fraseolóxicos e experiencia fraseolóxica ou lexicográfica.
- Dominio do inglés ou alemán.

#### ANEXO V

Tres bolsas para colaborar no proxecto de dimensións de identidade colectiva en Galicia.

Estas bolsas teñen como finalidade colaborar no proxecto de dimensións da identidade colectiva en Galicia que se realiza no Centro Ramón Piñeiro.

Requisitos específicos dos/as solicitantes:

Para solicitar as bolsas a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a en ciencias políticas e da administración.
- Experiencia en análise informática de datos e estudos de opinión.
- Experiencia en Bellview System.

#### ANEXO VI

Unha bolsa para colaborar no proxecto de informes anuais de literatura.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar na elaboración dos informes anuais de literatura que se están a realizar no Centro Ramón Piñeiro.

Requisitos específicos dos/as solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a en filoloxía ou ciencias da comunicación.
- Ter coñecementos de literatura galega e práctica na elaboración de repertorios bibliográficos comentados.
- Coñecementos de informática, en calidade de usuario.

#### ANEXO VII

Unha bolsa para colaborar no proxecto de Cantigas de Santa María.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar no proxecto de Cantigas de Santa María que se realiza no Centro Ramón Piñeiro.

Requisitos específicos dos/as solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a en filoloxía.
- Coñecementos de informática en calidade de usuario.
- Ter experiencia investigadora en literatura románica medieval.
- Capacidade para ler/traducir textos en diferentes linguas románicas no estado medieval.

#### ANEXO VIII

Unha bolsa para colaborar no proxecto de corpus de referencia do galego actual.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar no proxecto corpus de referencia do galego actual que se realiza no Centro Ramón Piñeiro.

Requisitos específicos dos/as solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a en filoloxía ou tradución e interpretación.
- Ter experiencia na introdución de textos en ordenador e no manexo de textos en formato electrónico.
- Ter experiencia en gramáticas formais e construción de etiquetadores morfosintácticos e lematizadores.

#### ANEXO IX

Unha bolsa para colaborar no proxecto de investigación e estudo do galego exterior.

Esta bolsa ten como finalidade colaborar no proxecto investigación e estudo do galego exterior que se realiza no Centro Ramón Piñeiro.

Requisitos específicos dos/as solicitantes:

Para solicitar a bolsa a que se refire esta convocatoria é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde:

- Ser licenciado/a en filoloxía.
- Formación específica e/ou experiencia acreditada en docencia e aprendizaxe de segundas linguas.
- Alto nivel de coñecemento de inglés, oral e escrito.



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
 XUSTIZA

ANEXO

PROCEDEMENTO <b>BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR109A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE		
APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**SOLICITO:**  
 Ser admitido/a na convocatoria pública de bolsas de investigación, anunciadas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no \_\_\_\_\_ do día \_\_\_\_\_ ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte nelas, e para tal efecto, detallo a seguir:

Carreira cursada e grao obtido:

Certificación académica persoal completa (orixinal ou copia compulsada).  
 Curriculum vitae, xunto cos xustificantes oportunos.  
 Fotocopia do DNI.  
 Acreditación do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento.  
 Declaración pola que se fai constar a aceptación plena das bases da convocatoria, así como o compromiso de renunciar, se fose seleccionado/a, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas.  
 Declaración xurada de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración nin institución pública como consecuencia de expediente disciplinario, así como de non percibir outra axuda ao inicio e ao remate da bolsa.  
 Outros méritos e circunstancias que se desexen facer constar:

**LEXISLACION APLICABLE**  
*Orde do 16 de decembro de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de trece bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e se anuncia a súa convocatoria.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE  
 \_\_\_\_\_  
 de \_\_\_\_\_ de 2005

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

*Coordinador-Científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*

*Resolución do 16 de decembro de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de decembro de 2005, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo das consellerías para o efecto de iniciar a equiparación de niveis dos servizos provinciais/territoriais cos seus homónimos dos servizos centrais.*

Co fin de darlle cumprimento ao Acordo do 26 de maio de 2005 do Consello da Xunta de Galicia, polo que se aproban determinadas medidas de mellora das condicións retributivas do persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia, que establece que o aboamento das diferenzas salariais se producirá unha vez modificadas as relacións de postos de traballo das diferentes consellerías, cómpre efectuar as oportunas modificacións nelas.

En consecuencia, por proposta da Dirección Xeral da Función Pública, consultadas as organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación da Comunidade Autónoma e a Comisión de Persoal, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do

quince de decembro de dous mil cinco, adoptou o seguinte,

**ACORDO:**

Primeiro.-Modificar a vixente relación de postos de traballo das consellerías, nos termos que se sinalan no anexo a este acordo.

Segundo.-Ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para efectos da súa entrada en vigor a partir do día seguinte a ela. Os efectos económicos retrotraeranse ao día 1 de agosto de 2005.

Visto o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do quince de decembro de dous mil cinco, relativo á modificación da relación de postos de traballo das consellerías, coa finalidade de cumprir o dito acordo, dispoño que se publique no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu  
 Conselleiro de Presidencia, Administracións  
 Públicas e Xustiza